

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 19 DE OUTUBRO DE 2023

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D. Ángel Salvador García Cordero (PSG-PSOE)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D^a. María Ángeles Bello Salazar (ídem)

D. Javier Novo Rodríguez (ídem)

D. Eladio Romero Neira (PP)

D. Jonathan Fernández Ríos (ídem)

D. Rubén Ríos Curbeira (BNG)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA-G.Mixto)

Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e seis minutos do día dezanove de outubro de dous mil vinte e tres, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter extraordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, escusando a súa asistencia a Concelleira do BNG, D^a. Cristina Bouza Bellón. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de dar continuidade aos protocolos de seguridade e saúde inicialmente establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

1º.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2022

Dictaminado pola Comisión Especial de Contas o expediente da Conta Xeral do exercicio 2022 na sesión celebrada o día 18 de setembro de 2023, levouse a cabo a súa exposición pública a través de anuncio publicado no BOP nº 180 do día 20 de setembro de 2023.

Transcorrido xa o prazo de exposición pública, sen que houbera alegacións, e co fin de remitir a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia, procede agora sometela a aprobación do Pleno municipal.

En base ao anterior, esta alcaldía propón ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2022 do Concello de Neda, de cuxo contido plásmanse a continuación as seguintes magnitudes contables e orzamentarias:

a) Balance de Situación.

CONCEPTO	IMPORTE
ACTIVO	31.162.427,65€
PASIVO	31.162.427,65€

O Balance amósanos, nun momento dado de tempo (neste caso, a 31 de decembro de 2022), os bens e dereitos a favor da entidade que forman o seu activo e as obrigas en que incorreu para conseguilo, que serían o seu pasivo. A diferenza entre ambas masas mostra o patrimonio pertencente á entidade.

Dende un punto de vista económico, o balance mostra as fontes de financiamento e o investimento ou aplicación dada a ese financiamento. O Plan Xeral de Contabilidade adaptado á Administración Local establece que o Balance comprende coa debida separación, o activo, o pasivo e o patrimonio neto da entidade. E na súa formulación debe terse en conta todo o regulado no apartado 6º da terceira parte do plan adicado ao balance.

No cadro anterior móstrase como o balance de situación do Concello de Neda a 31 de decembro de 2022 ascende, tanto no activo como no pasivo, a 31.162.427,65€, importe superior á cifra alcanzada no exercicio anterior (30.538.322,46€), o cal supón un incremento de en torno a un 1,02%. No ano 2020 a cifra fora de 29.991.842,03 €.

b) Conta do resultado económico-patrimonial.

Esta conta amósanos o resultado económico-patrimonial do exercicio e está formada polos ingresos e polos gastos do mesmo, excepto cando proceda a súa imputación directa ao patrimonio neto de acordo co previsto nas normas de recoñecemento e valoración.

A diferenza entre ambas partes é o resultado do exercicio, que será de aforro se os ingresos e os beneficios contables son maiores que os gastos e perdas; ou desaforro se sucede o contrario.

No exercicio 2020 houbera un aforro moi elevado, 819.746,24€ - 40.773,33€ de axustes (frente aos de 143.541,68€ que resultaran no ano 2019), suma do aforro derivado de operacións non financeiras e o aforro das operacións financeiras. Con ocasión da execución do exercicio 2021, resultou unha cifra

de aforro de 398.237,45€, que cos axustes aplicados neste exercicio resulta de 370.444,56€; cifra inferior á alcanzada no ano 2020. E agora, no exercicio 2022, o importe do aforro situouse en 301.363,37€, algo inferior á alcanzada no exercicio anterior,

En liñas xerais o que sucedeu foi que aínda que os ingresos de xestión ordinaria foron algo superiores á cifra alcanzada no exercicio anterior (aumentaron os dereitos recoñecidos por impostos pero diminuíron os dereitos recoñecidos por taxas, e tamén aumentaron os importes das transferencias recibidas), os gastos de xestión ordinaria foron superiores en torno a 350.000€ respecto á cifra alcanzada no exercicio anterior (fundamentalmente este incremento afectou aos suministros e servizos externos existentes). De aí que a cifra de aforro derivada da xestión ordinaria fora inferior á alcanzada en 2021 en torno a 110.000 euros. No caso das operacións financeiras houbo un aforro en torno a 14.000 euros superior á cifra alcanzada en 2021.

No apartado de operacións financeiras o resultado tamén foi positivo, e un pouco superior ao alcanzado o ano anterior.

c) Estado de liquidación do orzamento.

O Estado de liquidación do Orzamento obtense con anterioridade ao resto de estados e contas que integran a Conta Xeral. O RD 500/1990, de 20 de abril, establece que o peche e liquidación dos Orzamentos da Entidade Local efectuarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas, o 31 de decembro do ano natural, debendo confeccionarse os estados demostrativos da liquidación antes do 1 de marzo, para que durante ese mes poida aprobarse, previo informe de Intervención, e remitirse á Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Facenda antes de que finalice o mes.

Pola súa parte, a Conta Xeral debe someterse a informe da Comisión Especial de Contas antes do 1 de xuño e nada dí dela o regulamento orzamentario, sendo o TRLRFL e as Instrucións de Contabilidade o marco normativo da Conta Xeral.

O Estado de Liquidación do Orzamento comprende a liquidación do orzamento de gastos e do orzamento de ingresos, e o resultado orzamentario. No cadro seguinte móstranse resumidos os datos obtidos para o exercicio 2022.

CONCEPTO	DEREITOS NETOS	OBRIGAS NETAS	SALDO
Operacións correntes	4.797.483,93	4.472.856,33	324.582,60
Capítulo 6	0,00	295.620,28	- 295.620,28

Capítulo 7	257.596,03	0,00	257.596,03
TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS			286.558,35
Activos Financeiros	7.740,00	13.745,58	- 6.005,58
Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
TOTAL OPERACIONES FINANCEIRAS			- 6.005,58
RESULTADO ORZAMENTARIO TOTAL			280.552,77
Desviacións negativas financiación (+)			+184.461,17
Desviacións positivas financiación (-)			- 96.253,14
Gtos financiados con remanente líquido de tesourería			+ 90.388,19
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO			459.148,99

A cifra que arroxa o RP do Concello no exercicio de 2022 antes de axustes é positiva en 280.552,77 (cifra positiva e superior á alcanzada no exercicio anterior, que foi de 150.876,02€), por canto que os ingresos por operacións correntes foron superiores aos alcanzados no exercicio 2021 aínda que tamén as obrigas por operacións correntes foron superiores ás recoñecidas no exercicio anterior, pero en todo caso, os ingresos correntes foron superiores aos gastos correntes. No caso das operacións dos capítulos 6 e 7, cómpre indicar que se executou máis gasto en investimento que os ingresos por transferencias de capital percibidos durante o ano, o cal implicaría que, neste caso, houbo fondos propios que financiaron investimentos. O Resultado experimenta un aumento, unha vez practicados os axustes esixidos pola norma, e que xa foron descritos anteriormente; sendo a **cifra do resultado orzamentario axustado de signo positivo e dun importe de 459.148,99€** (no exercicio 2021 o importe fora de 228.358,07€, e no exercicio 2020 o importe fora de 634.484,57€).

d) Estado de liquidación do orzamento demostrativo dos dereitos a cobrar e obrigas a pagar procedentes de exercicios pechados:

Estado de liquidación do orzamento demostrativo dos dereitos a cobrar procedentes de exercicios pechados:

CONCEPTO	IMPORTE
Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados a 01-01-2022	809.718,16
Rectificación en dereitos pendentes de cobro durante o exercicio	0,00
Dereitos anulados de exercicios pechados por anulación de liquidacións	33.914,27
Dereitos anulados por prescripción	0,00
Dereitos anulados por insolvencias e outras causas	58,21
Cobros durante o exercicio	514.969,68
Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados a 31-12-2022	260.776,00

Do anterior resulta que se cobrou o 66,38% (68,51% no exercicio 2021, e 66,59% no exercicio 2020) do total de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados, quedando pendente de cobro o 33,62% (31,49% no exercicio 2021, e 33,41% no exercicio 2020). Como pode verse, estas porcentaxes son moi similares ás alcanzadas en exercicios anteriores para a execución do orzamento de exercicios pechados. En consecuencia, cómpre insistir en que hai que seguir traballando na realización destes dereitos pendentes de cobro, pois do contrario causaríase un prexuízo económico á facenda municipal.

Estado de liquidación do orzamento demostrativo das obrigas a pagar procedentes de exercicios pechados:

CONCEPTO	IMPORTE
Obrigas e pagos ordenados pdtes. pago exercicios pechados a 01-01-2022	97.986,50
Rectificación obrigas pdtes. e en pagos ordenados durante o exercicio	0,00
Prescricións	0,00
Pagos durante o exercicio	2.545,42
Obrigas e pagos ordenados pdtes pago de exerc. pechados a 31-12-2022	95.441,08

En consecuencia, pagouse o 2,60% (no exercicio anterior esta porcentaxe fora do 6,95%). Tales pagos corresponden coas obrigas pendentes do ano 2021. Así pois, cómpre insistir que corresponderá levar a cabo unha depuración das obrigas de exercicios pechados, sobre todo das que figuran dos anos 2005 ata 2016.

e) Estado do Remanente de Tesourería.

O detalle que presenta esta magnitude neste exercicio 2022 é a seguinte:

1. (+) Fondos líquidos	1.595.404,61
2. (+) Debedores pendentes de cobro:	632.605,62
-De Pto. Corrente	370.873,15
-De Ptos. Pechados	260.776,00
-De operacións non presupostarias	956,47
3. (-) Acredores pendentes de pago:	310.601,06
-De Pto. Corrente	85.475,65
-De Ptos. Cerrados	95.441,08
-De operacións non presupostarias	129.684,33
4. -)/(+) Partidas pendentes de aplicación:	-139.091,22

(+) Cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	139.091,22
(-) Pagamentos realizados pendientes de aplicación definitiva	0,00
5. Remanente de Tesourería Total	1.778.317,95
6. Saldos de dudoso cobro	96.286,10
7. Exceso de Financiación Afectada	2.214,38
8. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	1.679.817,47

Así pois, e como pode observarse, obtense un **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais positivo por importe de 1.679.817,47** (en 2021 fora de 1.431.586,90 euros, no exercicio 2020 a cifra foi de 1.326.673,20 euros, e a alcanzada no ano 2019 situouse en 756.818,99€. No ano 2018 fora de 1.298.973,45 euros).

f) ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO

Este estado está, á súa vez, dividido en tres partes:

- 1.- Estado total de cambios no patrimonio neto.
- 2.- Estado de ingresos e gastos recoñecidos.
- 3.- Estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias.

En base á información que propociona a contabilidade, leváronse a cabo axustes por modificación de dereitos de exercicios pechados que supoñen variacións no patrimonio neto derivados dos movementos que se producen como consecuencia disto na conta 1200 de Resultados do exercicio. Tales axustes derivan de modificacións no saldo inicial de dereitos recoñecidos relativo a subvencións que se prevían recibir da Deputación Provincial e que finalmente os importes concedidos non foron realmente os previstos e que figuraban xa contabilizados como dereitos recoñecidos; ou ben modificacións por anulacións en dereitos por taxas e outras subvencións concedidas por Xunta de Galicia. Toda vez que tamén se reflexa no estado de cambios no Patrimonio Neto, no apartado de patrimonio xenerado, a variación que experimenta a conta 1200 ao longo do exercicio por tales variacións, e tendo en conta os saldos iniciais e finais.

Tamén se recibiron durante o exercicio 2022 subvencións que afectaron a contas de patrimonio neto. E isto por canto que agora co módulo de subvencións hai que levar a cabo o seguimento da imputación das mesmas ao resultado. Nesta entidade, óptase entón por levar a cabo un seguimento das subvencións que financian investimento, de xeito tal que a súa imputación faise en base a criterios de amortización. Dado que de momento aínda non está implantado un sistema de amortización do inmovilizado é polo que aparecen subvencións pendentes de aplicar a resultados.

Por todo isto, o dato da columna de subvencións recibidas coincide co dato das contas do subgrupo 13 do balance de situación, relativo ao importe das subvencións recibidas pendentes de aplicar a resultados.

Cómpre sinalar, eso sí, que os importes reflexados nestes listados deben coincidir cos datos que aparecen no balance de situación e na conta do resultado económico-patrimonial.

En relación a esta conta, só están cubertos o estado de cambios no patrimonio neto e o estado de ingresos e gastos recoñecidos. E isto por canto que tampouco neste exercicio se realizaron operacións coa entidade ou entidade propietarias.

O patrimonio neto que resultou a 31 de decembro de 2022 correspóndese co importe que aparece no balance a dita data na conta 100 de Patrimonio (30.318.166,09€). A 31 de decembro de 2021 o dito importe fora de 29.796.644,37€.

No estado relativo aos ingresos e gastos recoñecidos, o que se mostra é o dato do resultado económico patrimonial que resultou de aforro en 301.363,37€ (por canto que os ingresos recoñecidos foron superiores aos gastos executados). No exercicio anterior a cifra alcanzada fora de 398.237,45€. A cifra alcanzada en 2021 resultara xa inferior á alcanzada no exercicio 2020 nuns 380.000,00€, dado que no exercicio 2021 aumentaran os gastos de xestión ordinaria respecto ao ano anterior en torno a 224.000,00€, e tamén diminuíran os ingresos de xestión ordinaria en torno a 203.000,00€

E a este resultado de aforro hai que aplicarlle tamén o importe que resulta da diferenza entre as contas do grupo 8 e 9 relativas a subvencións recibidas (importe ingresos por subvencións recibidas no exercicio, e o importe correspondente á parte das subvencións recibidas imputadas a resultado, segundo os criterios de imputación que se seguen na aplicación contable no módulo de xestión de subvencións).

g) ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

O estado de fluxos de efectivo informa sobre a orixe e destino dos movementos que houbo nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta que tiveron no exercicio.

Os datos que aparecen neste listado teñen que estar acorde co epígrafe B VII do activo do balance. E, efectivamente, o importe do efectivo que figuran no estado de fluxos de efectivo ao final do exercicio (1.595.404,61€) coincide co importe que aparece no epígrafe B VII do balance de situación a 31 de decembro.

Este Estado permite comprobar a relación entre cobros e pagos ao longo do exercicio, ao cal hai que engadir na parte final as existencias en tesourería ao inicio do exercicio. Sucedeu que, en liñas xerais, durante o ano 2022 os cobros derivados da actividade ordinaria que realiza o Concello foron superiores aos seus pagos (en torno a 817.194,93€) e a cifra foi negativa en canto ao fluxo de cobros e pagos derivados de operacións de investimento (-300.413,47€), xa que en tales casos o Concello paga investimentos pero apenas recibe ingresos desta natureza, e por partidas pendentes de aplicación (-15.825,86€); e de ahí que a cifra final de efectivo en contas bancarias sexa superior á do ano anterior en 500.955,60€.

h) Débeda viva a 31/12/202

ESTADO DE SITUACION E MOVEMENTO DA DEBEDA MUNICIPAL										
1.- CÁLCULO DAS ANUALIDADES TEÓRICAS DE AMORTIZACIÓN DOS PRÉSTAMOS:										
1.1 PRÉSTAMOS VIVOS Ó 31/12/2022:										
Préstamo	Capital	Xuros anuais	Anos amortiza.	Cotas ano	Total cotas	Xuros/cotas	Importe cota	Anualidade	Capital vivo 31/12/2019	
PAI DIPUTACIÓN 2015	140.112,09	0,00000	10,00	1,00	10,00	0,00	14.011,21	14.011,21	140.112,09	
PAI DIPUTACIÓN 2016	121.877,24	0,00000	10,00	1,00	10,00	0,00	12.187,72	12.187,72	121.877,24	
PAI DIPUTACIÓN 2017	104.106,36	0,00000	10,00	1,00	10,00	0,00	10.410,64	10.410,64	104.106,36	
TOTAL	366.095,69	0,00	30,00	3,00	30,00	0,00	36.609,57	36.609,57	366.095,69	
1.2.- PRÉSTAMOS PROXECTADOS										
Préstamo	Capital	Xuros anuais	Anos amortiza.	Cotas ano	Total cotas	Xuros/cotas	Importe cota	Anualidade	Capital vivo	
Prevision indebedamento 2019	0,00	0,0000	10,00	4,00	40,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Prevision indebedamento 2020	0,00	0,0000	10,00	4,00	40,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Prevision indebedamento 2021	0,00	0,0000	10,00	4,00	40,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Prevision indebedamento 2022	0,00	0,0000	10,00	4,00	40,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
1.3. TOTAL ANUALIDADES VIVAS E PROXECTADAS:							36.609,57	36.609,57		
2.- CÁLCULO AFORRO NETO e CALCULO ÓS EFECTOS DA AUTORIZACIÓN:										
DEREITOS RECOÑECIDOS CORRENTES (CAP. 1 e 5)					4.797.438,93	LIQUIDACION PPTO. E EXECUCIÓN 2019 A 2021:				
OBRIGAS RECOÑECIDAS CORRENTES (CAP. 1, 2 e 4) (*)					4.470.099,98	INGRESOS	DER. LIQUI-20	DER. LIQUI-21	DER. LIQUI-22	
SUMA ANUALIDADES TEÓRICAS:					36.609,57	Capítulo 1	1.268.695,71	1.096.773,22	1.363.660,18	
AFORRO BRUTO:					327.338,95	Capítulo 2	51.340,10	54.473,32	39.341,56	
AFORRO NETO					290.729,38	Capítulo 3	959.147,62	904.346,51	784.901,45	
%AFORRO NETO SOBRE D.D.R. PPTO. CTE.					6,06	Capítulo 4	2.430.637,21	2.480.506,59	2.609.535,74	
Débeda viva, incluíndo a proxectada.					366.095,69	Capítulo 5	0,00	0,00	0,00	
% Débeda viva sobre dereitos liquidados						Total	4.709.820,64	4.536.099,64	4.797.438,93	
por operacións ctes liquidados netos (máximo 75 %; equivalente 3,8% PIB Eº)					7,63	GASTOS	OBR.RECO-21	OBR.RECO-21	OBR.RECO-22	
1.- Importe da operación proxectada					0,00	Capítulo 1	939.431,95	939.431,95	978.658,35	
% operación proxectada sobre rec. correntes.					0,00	Capítulo 2	2.982.317,39	2.982.317,39	3.322.697,69	
2.- Carga financeira					36.609,57	Capítulo 4	232.014,35	232.014,35	168.743,94	
% carga financeira sobre recursos correntes.					0,76	Total	4.153.763,69	4.153.763,69	4.470.099,98	

SEGUNDO: Rendición da Conta Xeral do exercicio 2022 ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 212.5 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo).

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, a cal queda convertida en acordo, con 6 votos a favor dos Sres./as. Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, 1 voto en contra do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, e 3 abstencións dos Sres. Concelleiros de PP e BNG.

2º.- RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS PROCEDENTES DE EXERCICIOS ANTERIORES CON CARGO AO ORZAMENTO DO ANO 2023 (EXPT.E.: NÚM.6/2023, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS)

Durante os meses de maio a xullo deste ano, tiveron entrada no rexistro do Concello unha serie de facturas correspondentes ao suministro eléctrico de alumeados e/ou instalacións municipais de meses do ano anterior; que non poden ser obxecto de aprobación mediante acordo da Xunta de Goberno Local, dado o desfase que se produce dende que se prestou o suministro ata que se factura polo provedor, e a falta dun compromiso de gasto previo.

Así mesmo, no mes de xuño remitiuse pola SGAE a factura correspondentes aos dereitos de autor xirados polas actuacións levadas a cabo durante ao ano 2022.

E, finalmente, neste mes de outubro púxose en coñecemento dos servizos económicos municipais da existencia dunha serie de facturas dun proveedor municipal que corresponden a suministros do ano 2021 e 2022, e que non foron presentadas no Concello e, polo tanto, non constan rexistradas. Neste caso, o retraso é debido á negligencia dun proveedor que tardou máis de 2 anos, nalgún dos casos, en reclamar e presentar tales facturas. Nembargantes, en alas do suministro realizado e para evitar un enriquecemento inxusto da Administración, sométese estas facturas a aprobación.

Tras a modificación aprobada en xaneiro de 2019 da base 21ª das de execución do orzamento, nalgúns casos algunhas facturas que se presentan con desfase temporal entre o momento en que se realiza o concepto facturado e se presentan no Concello, xa se puideron aplicar directamente contra o orzamento actual, mediante a súa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, a través da figura do recoñecemento extraxudicial de créditos ou como facturas directamente imputables ao orzamento por estar nalgún suposto dos previstos na base 12ª.3 das de execución do orzamento.

Agora ben, dada a existencia doutras facturas (como as que se inclúen no expediente actual) para as cales a súa aprobación corresponde ao Pleno Municipal como consecuencia do desfase temporal que se produce, tendo en conta o principio de anualidade orzamentaria regulado no TRLRFL e no Real decreto 500/1990; iniciouse por parte desta Alcaldía a través dunha providencia de inicio (á que me remito) o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola interventora municipal, e co fin de evitar prexuízos económicos para o concello derivados do incumprimento dos prazos máximos de pago, e dado que se trata de gastos nos que efectivamente se incorreu nun exercicio anterior, pero que non puideron ser aplicados ao dito exercicio por non ser presentados polo proveedor,

E dado que en aplicación do principio de anualidade orzamentaria, a cada exercicio impútanse os gastos que se produciron no mesmo, sen máis excepcións que as contempladas na normativa sobre facendas locais. Así, e dentro de tales excepcións atópase a posibilidade de aplicar aos créditos do orzamento corrente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores e relativas aos expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos, como é este o caso;

Esta alcaldía propón:

- Aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas incluídas na relación EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 06/2023 por importe de 13.550,76€, cuxo detalle figura a continuación:

APLICACIÓN		NOME	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE (€)
450	22699	CORPLAMA MATERIALES DE CONSTRUCCION	MERCA DE TUBO CORRUGADO DE 315X6 M. NEGRO SN-8	247,13
450	22699	CORPLAMA MATERIALES DE CONSTRUCCION	MERCA DE BEIRADOS DE XARDIN 15X50X25 GRIS NUCAS	18,82
450	22699	CORPLAMA MATERIALES DE CONSTRUCCION	MERCA DE PLACAS ILLANTES E KG. DE FIO DE FERRO PARA ATAR	186,29
450	22699	CORPLAMA MATERIALES DE CONSTRUCCION	MERCA DE REIXA DE FERRO FUNDIDO 50X50 CADRADA	87,47
160	22100	GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	ENERXIA ELECTRICA DEPURADORA DECEMBRO 2022	6.099,55
241	22100	GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	ENERXIA ELECTRICA EDIFICIO TOELEIRA NOVEMBRO 2022	2.052,17
920	22102	GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	CONSUMO GAS C.CIVICO 7-7/2-9-2022	1.229,38
330	22699	SOCIEDAD XERAL DE AUTORES E EDITORES	POR DEREITOS DE AUTOR ACTUACIONES ANO 2022	3.629,95
TOTAL.....				13.550,76

- A aprobación de tales facturas levarase a cabo con cargo ao orzamento deste exercicio.

Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren, continuándose co procedemento, unha vez recoñecidas as obrigas polo Pleno Municipal, segundo o reparto de competencias vixentes no concello.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, a cal queda convertida en acordo, con 7 votos a favor dos Sres./as. Concelleiros/as de PSdeG-PSOE e MOVENEDA, e 3 abstencións dos Sres. Concelleiros de PP e BNG.

3º.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2022 PARA INCLUIR ANEXO RELATIVO ÁS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPAIS PARA O FOMENTO DO DEPORTE INDIVIDUAL 2023

Como xa consta na providencia de inicio deste expediente, é intención deste equipo de goberno establecer unha liña de axudas para fomentar o deporte individual neste exercicio 2023.

Tendo en conta que as bases reguladoras das distintas liñas de axudas que este Concello ven dotando habitualmente no seu Orzamento apróbanse no marco das Bases de Execución do Orzamento, a través da súa inclusión como anexos ás ditas bases, en aplicación do disposto no artigo 17.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións,

E vistos os informes emitidos e que constan no expediente, **proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:**

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogado ao exercicio 2023, a fin de incluír un novo Anexo no que se inclúan, e así se aproben, as “Bases reguladoras de subvencións para o fomento do deporte individual no Concello de Neda, para o exercicio 2023”, e que figuran nun documento anexo a esta proposta.

2.- Expoñer este expediente de modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2022 prorrogado ao exercicio 2023 ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

3.- No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse a dita modificación das Bases de Execución do Orzamento, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS
MUNICIPAIS PARA O FOMENTO DO DEPORTE INDIVIDUAL, ANO 2023**

1.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A finalidade é o apoio tanto as entidades como ós deportistas individuais do Concello de Neda no presente ano 2023.

2.- BENEFICIARIOS.

Os deportistas individuais de Neda que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroado no Concello de Neda, con unha antigüidade mínima de dous anos consecutivos, no momento da solicitude.
- Competir, no ano da solicitude, en eventos/probas deportivas de relevancia autonómica, nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións.
- Acreditar nivel deportivo na especialidade, polo menos, no ano anterior o da solicitude.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artículo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

Obrigas das persoas solicitantes.

Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A persoa que presenta a solicitude da subvención deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente e de forma xustificada, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificar a dita circunstancia ó Concello.

Deberá dispoñer de certificado dixital a persoa que solicite a subvención, ou a persoa que a represente perante o Concello (se é distinta da que a solicita); e para o caso de menores de idade a persoa solicitante será sempre o menor, e o representante (persoa que obrigatoriamente presenta a solicitude neste caso) será o pai, nai ou titor legal do menor, que, ademais, se responsabilizará de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiario da bolsa.

Exclusións.

Quedan excluídas da presente convocatoria as seguintes:

1. Os proxectos xa subvencionados polo Concello de Neda a través doutras axudas ou convocatorias.
2. As actividades realizadas por deportistas individuais pertencentes a entidades deportivas locais da modalidade, que percibiran subvencións en materia de deporte outorgadas polo Concello para actividade xeral nas dúas últimas convocatorias.
3. As actividades realizadas por deportistas individuais fóra do ámbito municipal, cando existan entidades locais con estrutura deportiva que permita satisfacer as necesidades de competición e adestramento dos deportistas solicitantes. Así, se un deportista

desenvolve a súa actividade fóra do ámbito municipal, existindo no mesmo, a criterio do concello de Neda, as condicións suficientes para a súa práctica e mellora en atención ao nivel deportivo alegado, considerarase excluído da convocatoria.

3.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes deberán formularse a través do Rexistro Telemático (<https://sede.neda.gal/sxc/gl>), no prazo de 20 días naturais que comezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que figuran como ANEXO destas bases.

4.- DOCUMENTACIÓN QUE TEN QUE APORTAR

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Neda. Achegarase tamén a seguinte documentación:

1. Documento nacional de identidade do solicitante ou documento que regulamentariamente o substitúa. No caso de que a persoa solicitante da subvención xa achegase este documento, e non sufrise variación, non será necesaria a súa achega. Neste caso deberán identificar o expediente (ano de presentación, número de expediente, e convocatoria) no que foi achegado.
2. Declaración de ter licenza federativa durante 2023 e de ter a licenza vixente na data de presentación da solicitude, expedida pola federación deportiva correspondente.
3. Fotocopia da licenza federativa 2023 e da licenza federativa vixente no momento de presentación da solicitude.
4. Documento nacional de identidade do pai/nai/titor legal ou representante, ou documento que regulametariamente o substitúa.
5. Historial deportivo.

Historial deportivo obtido durante o ano 2023, no que haberán de constar as participacións e os resultados obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición. Este historial deberá de vir certificado e co visto e prace da federación deportiva correspondente en documento orixinal, segundo os formatos que figuran nos modelos de solicitude da bolsa e con data posterior á da publicación desta convocatoria no BOP. As competicións non organizadas polas federacións deportivas deberán ser recoñecidas expresamente pola federación galega ou nacional correspondente, a través de certificación orixinal.

6. Proxecto deportivo levado a cabo en 2023, con descripción das actividades de adestramento e competición realizadas, obxectivos, medios materiais empregados e medios persoais (adestradores, etc.) e descripción da progresión acadada durante a tempada 2023 en relación ás anteriores e as proxeccións de futuro estimada.
7. Declaración responsable doutras axudas solicitadas ou percibidas para o mesmo fin.
8. Certificación de datos bancarios. No caso de que a persoa solicitante da subvención xa achegase este documento, e non sufrise variación, non será necesaria a súa achega. Neste caso deberán identificar o expediente (ano de presentación, número de expediente, e convocatoria) no que foi achegado.
9. Declaración do titor/a legal, no caso de minoría de idade do solicitante, de que se responsabiliza de todas as obrigacións derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiario dunha subvención pública.

10. Autorización para que o Concello de Neda solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria e a Seguridade Social. No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da data de aceptación desta notificación, para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a persoa solicitante da bolsa atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición, de conformidade co disposto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema.

5.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES.

Os criterios para valorar estas solicitudes consistirán en:

- A. Proxecto_deportivo para a presente tempada (Máximo 30 puntos)
- B. Resultados obtidos nas dúas tempadas anteriores á da solicitude en competición oficial (Máximo 30 puntos)
- C. Implantación e importancia da modalidade deportiva a nivel nacional (Máximo 10 puntos)
- D. Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto / competición (Máximo 10 puntos)
- E. Outros méritos, repercusión social do deporte (Máximo 10 puntos)
- F. N.º de desprazamentos e distancias dos mesmos para participar en competicións deportivas (Máximo 10 puntos)

A: Proxecto deportivo para a presente tempada. (30 puntos máximo)

A ponderación atribuída a este criterio asignarase en base ao seguinte baremo en función do nivel máximo de competición, categoría e número de probas de ámbito autonómico como mínimo, a disputar na tempada referida:

A.1-Nivel máximo de competición (10 puntos)

Campionato de Internacional ou nacional 10

Campionato Autonómico 5

A.2-Categoría (10 puntos)

Sénior 1 / Previo a sénior 2 /Anterior á previa á sénior 3 / Resto categorías 0,5

A.3-Número de probas (10 puntos)

10 ou máis probas federadas de ámbito nacional 4

Entre 5 e 9 probas federadas de ámbito nacional 3

Menos de 5 probas federadas de ámbito nacional 2

Máis de 2 probas federadas de ámbito autonómico 1

Terase en conta unicamente a puntuación máxima de cada un dos tres subcriterios.

B: Resultados obtidos nas dúas tempadas anteriores ás da solicitude en competición oficial. (30 puntos máximo)

A ponderación atribuída a este criterio asignarase en base ao seguinte baremo en función dos resultados obtidos na tempada anterior á da solicitude.

Valorarase o mellor resultado en competición oficial, debendo estar debidamente certificado pola federación correspondente:

B.1- Campionato / resultado / puntos

Campionato Galego - entre 1^o ou 3^o - entre 4^o ou 8^o - (5)

Campionato de España - “ “ “ “ “ “ - (8)

Campionato de Europa - “ “ “ “ “ “ - (12)

B.2-Eventos de carácter non oficial, pero de certa relevancia no eido local, rexional ou nacional, puntuaranse ata un máximo de 5 puntos podendo sumarse ás calificacións xa obtidas segundo o baremo (non superando en ningún caso os 30 puntos).

C: Implantación e importancia da modalidade deportiva a nivel nacional. (10 puntos máx.) Asígnanse 10 puntos a este criterio que tomará como referencia o número de licencias federadas de cada modalidade deportiva, segundo a última publicación do Consejo Superior de Deportes.

Á modalidade deportiva de maior implantación outorgaráselle 10 puntos e ao resto proporcionalmente.

D: Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto / competición. (10 puntos max)

Denomínase achega económica á relación existente entre a subvención solicitada e o orzamento de gastos presentado. Tomarase como referencia a achega económica propia que debe facer cada deportista para cubrir o seu proxecto anual. Ao deportista con maior achega económica (menor cociente) outorgaráselle un máximo de 10 puntos e ao resto proporcionalmente.

E: Outros méritos, repercusión social do deporte. (10 puntos max)

A ponderación atribuída a este criterio (10 puntos máximo) valorarase en base aos seguintes aspectos:

E.1- recoñecemento como deportista de alto nivel segundo Resolución da Administración competente “deportista galego de alto nivel e/ou deportista nacional de alto nivel” (Para a avaliación deste apartado é obrigatorio a presentación do documento acreditativo).

E.2- Convocatoria pola selección nacional, autonómica,...

E.3- Gran repercusión social dos seus logros deportivos no eido local, rexional ou nacional

E.4- obtención de outras subvencións de outras administracións públicas para o mesmo concepto no ano anterior á solicitude. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a documentación que acredite axeitadamente a obtención da subvención

F: Número de desprazamentos e distancias dos mesmos para participar en competicións deportivas (10 puntos max)

Presentación dos calendarios das competicións certificados pola federación correspondente

6.- IMPORTE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

O importe global para as presentes subvencións será de 4.000 € con cargo á partida 341.480.13 dos orzamentos do Concello de Neda para o ano 2023. Establecéndose un máximo de 800 € para cada solicitude.

7.- INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR.

O órgano competente para instruír o procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución será un Funcionario municipal, que contará coa colaboración do Técnico de deportes. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada de subvención que se propón para cada solicitante, conforme aos criterios de para a concesión da subvención establecidos no artigo 5 das presentes bases.

Se na instrución do expediente fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos interesados, notificaráselle a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de 10 días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentárense alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario segundo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

8.- COMISIÓN AVALIADORA.

A Comisión Avaliadora, será designada polo alcalde e estará composta por un presidente que será o alcalde da corporación, un secretario que será un funcionairo da corporación actuando con voz pero sin voto e tres vocais elexidos polo alcalde de entre os membros do grupo de goberno, emitirá informe no que se concretará individualizadamente para cada beneficiario o resultado da avaliación realizada.

9.- RESOLUCIÓN.

O órgano competente para a concesión das subvencións será a Xunta de Goberno Local do Concello de Neda. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente os fundamentos da resolución que se adopte. As subvencións concedidas notificaranse individualmente e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

10.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As persoas subvencionadas terán que:

- 1.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se conceda a subvención, coa presentación da memoria e da documentación xustificativa dos gastos realizados (facturas orixinais) así como a súa certificación correspondente.
- 2.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención municipal.
- 3.- Comunicarlle ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.
- 4.- Sinalar en todo tipo de publicidade que estas actividades contan co financiamento do Concello coa expresión “subvencionado polo Concello de Neda” acompañado do

escudo oficial do Concello, a efectos do cal deberán engadir xunto coa documentación xustificativa fotocopia que testemuñe o cartel ou medio/s mediante os cales se ten feito dita publicidade e o lugar dos mesmos.

5.- Participar nas actividades organizadas desde o Concello cando lles sexa solicitada a súa colaboración.

6.- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan e a devolución íntegra da cantidade outorgada en caso de non cumprir con estas bases.

11.- ACEPTACIÓN POLOS BENEFICIARIOS.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se no prazo de 10 días dende a notificación da concesión non manifestase expresamente o seu rexeitamento.

12.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS.

Para o cobro da totalidade das subvencións deberán achegar ó Concello cando se lle solicite a totalidade da documentación requirida para este fin. En todo caso, os gastos subvencionados deberán ter sido realizados durante o ano 2023. Admitiranse unicamente xustificantes correspondentes a actividades realizadas entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023. A xustificación deberá realizarse mediante a presentación dos seguintes documentos:

a) Declaración ou certificación de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida, así como as memorias de prensa, os materiais gráficos editados e canta documentación contribúa a clarexar a realización e alcance do investimento e, no seu caso, a acreditación de teren realizado os materiais de difusión da entidade e das actividades obxecto de axuda en galego.

b) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, polo contrario unha declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

c) Acreditación da realización de gastos.

O gasto, xustificado mediante a documentación sinalada, deberá acadar, polo menos, o importe da axuda concedida, tal como vén este definido no parágrafo 1 das consideracións xerais de xustificación ou a suma das subvencións obtidas de administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que existan.

O prazo de xustificación das subvencións será de dous meses a partires da súa concesión e, en todo caso, antes do 31 de marzo do ano seguinte, salvo que se solicite e fose concedida prórroga. Se non se presentase a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado) por resolución da Alcaldía, iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso, ou de reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Para o non previsto nesta convocatoria estarase ó disposto nas Bases de execución do Orzamento do Concello de Neda e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei de Subvencións de Galicia

En Neda, na data da sinatura dixital

O alcalde

Ángel Alvaríño Saavedra

ANEXO

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DEPORTISTAS INDIVIDUAIS ANO 2023

SOLICITANTE: (Os datos cubertos deberán coincidir exactamente cos datos da tarxeta do CIF/NIF presentada, e cos titulares da cota bancaria)

Datos do interesado

Denominación: _____ CIF: _____

Enderezo: _____ C.P. _____ Localidade: _____
Tlfn: _____ Fax: _____ e-mail : _____

Datos do representante:

Nome e Apelidos: _____ NIF: _____

Tlfn: _____ Relación co interesado/a: _____
e-mail: _____

OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

FINALIDADE DA ACTIVIDADE	PRESUPOSTO DE GASTOS	IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

1.- MEMORIA EXPLICATIVA

Proxecto da actividade, interese e obxectivo que se persegue:

Número de actividades propostas:

Calendario das actividades que se realizarán:

2.- ORZAMENTO DETALLADO

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
----------	---------

TOTAL GASTOS

INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE
----------	---------

PROPIOS

SOLICITADOS A ESTE CONCELLO

DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

OUTROS

TOTAL INGRESOS

3- DOCUMENTO ACREDITATIVO DO ACORDO DA SOLICITUDE E DO NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE

D/DONA _____ con DNI _____,

ACORDO: Que o día _____ adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude:

SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO DEPORTE INDIVIDUAL ANO 2023

Así mesmo, acordo nomear a D/DONA

_____ con DNI _____, representante para as miñas relacións co Concello de Neda.

E para que conste, ós efectos oportunos, expido o presente acordo.

En _____ a ____ de _____ do 2023

Vº e Prace

Asdo:

O INTERESADO

O REPRESENTANTE

4.- DESIGNACIÓN DA CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN DA BAIXA DE DATOS BANCARIOS.

- I. Datos do acredor (deberanse achegar fotocopia do NIF ou CIF, salvo que xa a presentase con anterioridade)

NIF	Nome ou denominación social
-----	-----------------------------

Domicilio Fiscal	Municipio
------------------	-----------

Provincia	Código Postal	Teléfono
-----------	---------------	----------

- II. Datos do representante

NIF	Nome ou denominación social
-----	-----------------------------

- III. Alta de datos bancarios

IBAN:

A CUMPRIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO

Certifico, a petición da persoa reflectida en "I. Datos do Acredor" e para os efectos de domiciliación dos importes que a mesma lle vaia ordenar a Tesourería do Concello de Neda, a existencia da conta referenciada en "III. Alta de datos bancarios" a nome do titular que se reflicte no citado apartado "I. Datos do acredor".

(Selo da entidade de crédito)

POLA ENTIDADE DE CRÉDITO

Asdo.: _____ -

IV. Baixa de datos bancarios

IBAN:

(sinatura do acredor ou representante)

**5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DA OBTENCIÓN DOUTRAS SUBVENCÍONS,
AXUDAS, INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN AS ACTIVIDADES
SUBVENCIONADAS.**

D/DONA _____ con DNI
_____,

DECLARA: Que para o exercicio 2023 ten solicitada unha subvención ó Concello de Neda, por importe de _____ € co seguinte obxecto:

2.- Que, para a mesma finalidade, obtivéronse, ademais as seguintes subvencions, polos importes que se indican:

Entidade concedente	Importe (euros)
TOTAL SUBVENCÍONS RECIBIDAS	€

NINGUNHA OUTRA SUBVENCÍÓN

E para que conste, ós efectos oportunos, expido a presente declaración.

En _____ a ____ de _____ do 2023

Vº e Prace

Asdo:

O INTERESADO

O REPRESENTANTE

6.- DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INCOMPATIBILIDADE OU INCAPACIDADE E PARA A PERCEPCIÓN DA PRESENTE ACHEGA E OUTRAS ASÍ COMO A AUTORIZAÓN Ó CONCELLO PARA A VERIFICACIÓN DE ATOPARSE Ó DÍA COA FACENDA MUNICIPAL.

(Esta declaración deberá realizala a persoa nomeada como representante en caso de ser o interesado menor de idade)

D/Dna. _____ co DNI
como representante de

DECLARA:

- Que coñece e acepta as bases da presente convocatoria
- Que son certos cantos datos figuran na Solicitud de participación.
- Que non está incurso/a en circunstancias que supoñan a prohibición de percepción de subvención ou axudas públicas (artigo 13.2 e 13.3 LXS)
- Que está ao corrente coa Facenda Municipal do Concello de Neda, para o cal se compromete.
- Que autorizo que se soliciten datos á facenda municipal, e de non ter débedas co Concello.
- Que se compromete a aportar os datos que se lle poidan solicitar aos efectos das comprobacións previstas na lexislación actual de subvencións.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, a cal queda convertida en acordo, con 6 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, e 4 abstencións dos Sres. Concelleiros de PP, BNG e MOVENEDA.

4º.- ACTIVACIÓN DAS SUBVENCIONES PARA CONCESIÓN EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PREVISTAS NO ORZAMENTO DO ANO 2023

Vista a providencia de alcaldía que inicia este expediente, e na que se fai constar o seguinte:

Como ven sucedendo en todos os exercicios, nas bases de execución do orzamento incorpórase unha base específica para as subvencións que anualmente concede o Concello de Neda, para as de convocatoria en concorrencia, pero tamén para as previstas nominativamente no Orzamento.

A través da dita base trátase de regular o réxime xurídico de aplicación, e así mesmo, recóllense as finalidades de tales subvencións, coa descrición da aplicación orzamentaria de imputación, a denominación e o importe concedido.

Dado que actualmente o Concello está a traballar co orzamento prorrogado do exercicio anterior, e sendo intención deste equipo de goberno poder iniciar os trámites precisos para a convocatoria das subvencións en concorrencia previstas no Orzamento prorrogado, esta alcaldía propón entón que por parte da intervención municipal se emita informe relativo á posible concesión das seguintes liñas de subvencións previstas no orzamento do presente exercicio, na situación de prórroga do orzamento do exercicio 2022.

Aplicación	Denominación	Importe
334 480.04	Subvencións destinadas a actividades veciñais e culturais	6.000,00 €
341 480.07	Subvencións destinadas a fomento actividades deportivas	6.000,00 €
341 480.13	Subvencións para fomento do deporte individual	4.000,00 €
326 480.03	Subvencións para transporte escolar	2.000,00 €
326 480.03	Subvencións para material escolar	3.000,00 €
338 480.05	Subvencións para festas patronais	3.000,00 €

En canto á regulación da convocatoria aplicaranse as bases xa incorporadas ao documento das Bases de Execución do orzamento actual, pero tendo en conta que dado que a día de hoxe non existen bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o fomento do deporte individual, nun punto independente proponse ao Pleno a aprobación das mesmas.

Visto o infome emitido pola intervención municipal o día 10 de outubro,

Esta Alcaldía acorda que se realicen as retencións de crédito necesarias, con cargo ás partidas e polos importes descritos no cadro anterior, documentos que deben incorporarse posteriormente a este expediente,

E, en consecuencia, e en base ao anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno Municipal a adaptación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Prorrogar as seguintes subvencións en concorrencia do orzamento do exercicio 2023, vixente por prórroga do orzamento de 2022; e polos importes que a continuación se detallan:

Aplicación	Denominación	Importe
334 480.04	Subvencións destinadas a actividades veciñais e culturais	6.000,00 €
341 480.07	Subvencións destinadas a fomento actividades deportivas	6.000,00 €
341 480.13	Subvencións para fomento do deporte individual	4.000,00 €
326 480.03	Subvencións para transporte escolar	2.000,00 €
326 480.03	Subvencións para material escolar	3.000,00 €
338 480.05	Subvencións para festas patronais	3.000,00 €

SEGUNDO: Delegar en Xunta de Goberno os seguintes trámites vencellados ao procedemento a seguir para a tramitación de tales subvencións.

En todo o demais rexerá igualmente as demais previsións sobre as subvencións establecidas na Base 32ª “Subvencións” do orzamento prorrogado, así como nas bases específicas reguladoras de cada unha destas liñas de subvención que figuran nas bases de execución do orzamento actual.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, a cal queda convertida en acordo, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA.

5º.- INCORPORACIÓN AO ORZAMENTO ACTUAL DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL

Vista a providencia de alcaldía que inicia este expediente, e na que se fai constar o seguinte:

Como ven sucedendo en todos os exercicios, nas bases de execución do orzamento incorpórase unha base específica para as subvencións nominativas.

A través da dita base trátase de regular o réxime xurídico de aplicación, e así mesmo, recóllese o cadro no que se definen tales subvencións, coa descrición da aplicación orzamentaria de imputación, a denominación e o importe concedido.

Na propia redacción da base 32ª das de execución do orzamento, figura unha relación nominal das subvencións nominativas previstas.

*Dado que no exercicio 2019 a IGAE ditou unha circular en canto aos efectos da prórroga dos orzamentos aprobados para un exercicio en relación aos créditos integrados relativos ás subvencións nominativas, e sendo intención deste equipo de goberno poder **iniciar os trámites precisos para a concesión da subvención nominativa prevista no orzamento a favor da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil**, esta alcaldía propón entón que por parte da intervención municipal se emita informe relativo á posible concesión da seguinte subvención nominativa prevista no orzamento do presente exercicio, na situación de prórroga do orzamento do exercicio 2022.*

Visto o infome emitido pola intervención municipal o día 10 de outubro, e que forma parte deste expediente,

Esta Alcaldía propón ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Prorrogar a seguinte subvención nominativa ao orzamento do exercicio 2023, vixente por prórroga do orzamento de 2022:

Aplicación	Denominación	Importe
135.48000	Subvención agrupación protección civil	5.000,00

SEGUNDO: Delegar en Xunta de Goberno os seguintes trámites vencellados ao procedemento a seguir para a tramitación de tal subvención.

En todo o demais rexerá igualmente as demais previsións sobre as subvencións establecidas na Base 32ª “Subvencións” do orzamento prorrogado.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao interesado, e comunícalo á intervención municipal, para o seu coñecemento e efectos.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (10), presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, a cal queda convertida en acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e vinte e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral